

Namoreime en Ons

Staffan Mörling



Coordinación a cargo de Cándido Meixide

Primeira edición, agosto 2015

© autor: Staffan Mörling 2012

Tradución ao galego: Absolute - Ramiro Combo

Título orixinal: *Långt borta ute i havet.*

Maquetación: Rosa Escalante Castro / Ramón Pais Martínez

© da edición:
Edicións do Cumio, S. A.
Polígono ind. A Reigosa, parcela 19
36827 Ponte Caldelas, Pontevedra
Tel.: 986 761 045
cumio@cumio.com | www.cumio.com

© Reservados todos os dereitos
Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra só pode ser realizada coa autorización dos titulares, agás excepción prevista pola lei.
Dirixanse a CEDRO (Centro Español de Dereitos Reprográficos) se precisan fotocopiar ou escanear algún fragmento desta obra (www.conlicencia.com; 91 702 19 70 / 93 272 04 47).

ISBN: 978-84-8289-508-6
Depósito legal: VG 497-2015

Impreso en Galicia

Índice

1. A CRUZ DE FERRO NEGRO.....	9
2. ONS.....	15
3. A APARICIÓN DUNHA LUZ NA NOITE	23
4. O ILLOTE DO CENTULO.....	29
5. A FIN DO MUNDO	37
6. A <i>GITANILLA</i>	45
7. OS FEITICEIROS OLLOS CASTAÑOS.....	51
8. POR QUE SE INTERESA VOSTEDE POR UNHA RAPAZA DA ILLA?..	59
9. A MOZA CAMIÑO DA FONTE	65
10. EQUIPAXE DE MAN NADA BOA	71
11. É A ELA A QUEN ME GUSTARÍA TER DE NAI DOS MEUS FUTUROS FILLOS.....	77
12. O ALTO PORTAL GRIS.....	87
13. É UNHA ROSA	91
14. DOUS CÍRCULOS ARREDOR DA LÚA	99
15. O NOIVO.....	105
16. CHEGAR MÁIS PRETO DO CORAZÓN DELA.....	109
17. NON ME DECEPCIONES.....	115
18. A CALUMNIA	123
19. CASE CATÁSTROFE	129
20. <i>CAPRI, C'EST FINI</i>	135
21. A PESAR DE TODO.....	143
22. MARÍA DE CORRUBEDO	151
23. MELLOR ESQUECELO TODO	159
24. A DECISIÓN MÁIS DIFÍCIL É A DECISIÓN DE TOMAR UNHA DECISIÓN.....	169
25. HONRA, VALOR, DISCIPLINA, LEALDADE.....	177
26. O UNIVERSO.....	185
27. A IGNORANCIA AFORTUNADA.....	191
28. <i>LUNITA BARRANQUILLERA</i>	197
29. AS CARTAS DE OUROS	203
30. ... E VIVIRON FELICES	209

NAMOREIME EN ONS

El era un mozo sueco
universitario
comprometido cun proxecto
de investigación en Galicia.
Ela viña da natureza,
pintada polos raios do sol e a brisa do mar.
Namoráronse contra toda razón.
Rodeados da bravura atlántica,
tiveron que loitar contra a incompreensión,
a ignorancia maliciosa e, ás veces,
a propia desesperación.
Atopando nela o amor que sempre esperou,
el rexeitou a idea de volver ao seu país.

1

A CRUZ DE FERRO NEGRO

Era un dos poucos días bos dun verán sueco que a partir deste momento resultaría moi gris e chuvioso. Esa tarde brillaba o sol. Nas copas dos bidueiros resoaba o canto dos paxaros e dábanos a impresión de que estabamos a entrar no mesmo paraíso. Só o papeliño pegado con cinta adhesiva ao ataúde desentoaba un pouco. Letras de bolígrafo azul poñían un nome e un apelido. Non, non era un malentendido, tampouco un pesadelo, senón a realidade da vida e a morte, inmediata e directa. Creo que foi a beleza do lugar o que nos fixo soportar o momento. Na igrexa, o canto gregoriano aliviáranos a dor. *Dies ire*, que fala do Día do Xuízo, posúe unha melodía suave e, asemade, triunfante. Cantado desde o balcón do órgano, déranos a sensación de mirar cara á figura de Deus, tal como está representada no mosaico da ábsida da catedral de Lund, e de ver mesmo máis alá, cara á eternidade. O latín soa dunha forma que nos lembra que hai algo máis que “de barro es e en barro te converterás”.

—Quero que mamá volva!

A melena dourada de Desirée cubría os pequenos ombreiros resgardados baixo o seu vestido claro; o seu irmán Jorge estaba á súa esquerda. O accidente de mergullo da súa nai acababa de deixalos sen ela á idade de nove e dez anos. Cumpría toda a fermosura da liturxia e da natureza para consolarnos, igual que o facía a presenza de toda esa xente que coñecera a nosa filla e que, acompañándonos, non deixaba que o peso da dor caese sórdido sobre a miña muller e sobre min.

Páter Noster, qui es in cælis (Noso Pai, que estás nos ceos) eran as palabras que a nosa Maribel adoitaba rezar pola noite moito antes da

idade en que o rogo final de non a deixar caer na tentación puidese significar algo para ela. Por que tiña que ser eu quen as pronunciase ante a súa sepultura e non ao contrario? Nunca antes rezara cara ao sol, e notaba a sensación de vida que emana do astro rei cando lle falta só semana e media para acadar a maior altura de todo o ano. Lembreime do *Angelus*, que Maribel, un pouco vergoñosamente, adoitaba rezar. Con ilusión, continuaba: “Papá, cóntame!”. Nacera entre nós un grande entendemento mutuo mentres lle falaba dos grandes señores do medievo sueco, dos seus actos de forza ou traizón ou do santo bispo Brinolfo, a quen o rei de Noruega lle regalara unha espiña da coroa de Cristo, ou contaba contos protagonizados polas máquinas de Bosjöbanan, o ferrocarril de vía máis lixeira de Suecia. Todo este contacto volvera cobrar vida durante os últimos meses de Maribel. “Papá, lembras o catálogo de arte nos tempos de Filipe o Fermoso de Francia que me enviaches de París?; vexo que as esculturas da catedral de Trondheim teñen o mesmo estilo!”. Noutra desas chamadas telefónicas, en que as súas palabras, durante unha media hora, cruzaban os catro mil quilómetros entre a península Escandinava e Galicia: “Papá, quéroche dar as grazas pola maneira en que me educaches, porque me dixeches que, se un marca unha meta e aproveita cada oportunidade de a acadar e non se rende, pode conseguir o que se propón”. Os últimos meses, as últimas semanas, Maribel dixera tantas cousas bonitas, fixo tanto do que cumpría facer... Sería que, cando toca deixar este mundo, un se vai preparando?

Maribel, nena de verán, froito dun amor nacido nunha illa atlántica baixo os catro ventos!

Tres homes por cada lado baixaban a branca caixa na sepultura. “Mamá, quen unha vez chegou a coñecerme non me esquecerá xamais!”. Había algo especial nos ollos de cor castaña dourada de Maribel: unha luz, unha vida, unha expresividade singular. En catro dos que lle rendían o último servizo, a mirada de Maribel calara fondo. As campás

comezaban a soar. A agulla da igrexa de Sunne debuxaba nitidamente o seu perfil contra o sol. *Ave, María; gracia plena* (Deus te salve, María; chea es de grazas). As palabras da oración, aprendidas na infancia, eran algo ao que me podía aferrar; sería imposible improvisar. Pensar que eran capaces de concentrarse, de sincronizarse, os que arriaban as cintas e deixaban o ataúde descender na terra!

Este día e os seguintes continuabamos a falarlle a Maribel na beira do lago, no bosque, no céspede do xardín baixo a clara noite de xuño. Isto dáballe unha orientación ao dó que disipaba o atordamento.

Como tardabamos en atopar o tipo de cruz que queriamos para a tumba, o encargado do cemiterio aconsellounos acudir á parroquia veciña e preguntar se acaso tiñan algunhas cruces de ferro forxado, das que son típicas da terra de Värmland. Ao non recibir contestación, o encargado acompañoume ao interior da torre da igrexa de Sunne.

Inclinadas contra as paredes, había unhas cantas cruces, todas de ferro e cun aspecto horrible. Algunhas levaban imitacións metálicas de drapeado semellando alas negras. Desprazamos e examinamos as cruces. De nada valía intentar convencerse de que, ao mellor, algunha delas... Só quedaba volver a baixar, e a sensación de fracaso sería un peso máis. Dei uns últimos pasos pola cámara da torre e... como non a vira antes? Quizais porque estaba tan deteriorada. Nun primeiro momento, as manchas de óxido desta cruz camufláranas. Un aro no centro dáballe un parecido coa cruz que está fóra das murallas da cidade hanseática de Visby, onde guerreiros daneses e suecos descansan desde unha soada batalla en 1361. Senllos aros no medio de cada brazo da cruz decorábanas. Os seus circuítos describían dinamismo en descanso. Deles penduraban unhas imitacións de follas de bidueiro forxadas, e uns buratos baleiros sinalaban onde houbo outras; o vento xogaríase con elas para darlles vida. Arriba, a cruz formaba unha agulla rematada en viraventos e coroa. Un desafío á morte, un acorde da secuencia *Victime Paschali laudes* da liturxia do Domingo de Pascua, un anhelado de encontro con Cristo na súa resurrección.

Maribel acudira sempre a axudar a quen estaba afluxido por contratempos e dificultades. Á súa amiga dos últimos anos orzáralle a economía e deixáralle dez mil coroas suecas para que puidese asistir a un curso de informática e cualificarse co fin de conseguir un emprego mellor pagado. Maribel axudáballes aos demais con decisión, rapidez e entusiasmo. En España atopou unha amiga da infancia que, tras ter problemas coas drogas, estaba en proceso de rehabilitación e permanecía confinada no fogar. Rapidamente, Maribel puxérase en contacto coas autoridades e conseguira que lle desen permiso para responder pola rapaza e sacala de paseo. Fai ben e non mires a quen! Seguramente aínda colga no armario dalgunha casa o vestido de festa que Maribel lle prestara a outra amiga. Gustáballe dar bos consellos e axudarlles a todos, ao momento. Idéntica á súa nai! Bela, bela, bela. Decidiría o destino que non debería quedar parte do máis belo neste mundo? Grazas a Deus, a miña muller seguía ao meu carón.

Faltaban escasamente tres semanas e media para que Maribel cumprise trinta anos. A súa vida probaba as súas alas coas ideas, plans e decisións da incipiente madurez. E entón, cando parecía que a súa existencia estaba a punto de acadar o seu solsticio de verán, en realidade tiña o anoitecer enriba. “Papá, atopei un mozo. Non é como os outros, non busca só sexo. É limpo”.

“*Maribel, 1968-1998*”. Letra discretamente dourada, en contraste co negro do ferro. Unha vida que eu vira desenvolverse. Un ser humano con todo o seu polifacético carácter, nacido a este mundo de ideas, proxectos e decisións miñas e dunha muller nova e amada. Tamén froito da miña curiosidade por descubrir algo menos coñecido, do propósito de non ter que facer o mesmo que os demais.

2

ONS

—Esta sabe bailar o *twist*!

Oíanse moitas voces, altas e expectantes.

Para min estaba claro que acudir ao baile resultara un fracaso. As mozas eran de baixa estatura e os seus peiteados de permanente rizada facíanas parecerse tanto unhas a outras que ningunha podía espertar en min o máis mínimo interese. Pero, claro, podía bailar para divertirse, para pasar un bo momento.

—A ver, hai aquí algunha que saiba bailar o *twist*?

A suxestión fallou, e as repetidas declinacións aos meus convites poñían o meu humor a proba.

—Non o sei bailar!

—Eu tampouco sei!

Os sorrisos pedindo desculpas non moderaban a miña decepción. Un quinqué de gas iluminaba botellos de cervexa e copas de coñac medio baleiras nun dos mostradores da taberna. Detrás do outro divisábanse andeis nos que se almacenaban rolos de tea. Aquí non había roupa confeccionada como en terra firme; mercaban unhas cantas cuartas de xénero para unha bata, roupa de traballo que me chamaba a atención polo seu parecido coa roupa dos nenos representados nas acuarelas do artista decimonónico sueco Carl Larsson, ou pedíase *mahón* para a roupa de faena dos homes, mahón que sería distinguido polo sol e remendado, igual que sucedía coas velas das embarcacións.

—Ela sabe bailar o *twist*!

A atención centrábase nunha esquina onde os dous mostradores formaban ángulo. Baixo as boinas, as caras curtidas dos homes adquirían unha expresión de espera e, desde o interior dos panos, as miradas

das mulleres reflectían curiosidade: quizais xurdise algunha circunstancia que dese lugar a comentarios ao día seguinte no río.

—Esta si que sabe!

Os mozos que ocupaban a esquina apartáronse e abríronlle paso a unha rapaza que parecía máis atrevida que as outras. Estaba disposta ao desafío polo divertido que podía resultar. A súa figura era máis esvelta que a das demais, as que alegaron non saber bailar, e tamén algo máis alta. O seu cabelo, de cor entre castaña e negra, lucía a súa caída natural, e un longo peiteado estilo paxe enmarcaba unha cara de meixelas morenas. As cellas debuxaban unha discreta crista de onda que indicaban sensibilidade.

As pandeiretas volveron soar e, cando as mozas que as tocaban comezaron a cantar, a rapaza e eu xa estábamos a bailar. Ela si que sabía o twist; expresaba o ritmo con todo o corpo. “*Twist-twist-tómbola, la vida es una tómbola, twist-twist-tómbola*”. Cos meus pasos, aprendidos na academia de baile Kruse de Malmö, custábame seguirlle o ritmo. Ela era áxil e non necesitaba recorrer a efectos especiais. Non tiña que desprazarse cara ao lado cun pé arrastrando o outro, cousa que na academia Kruse causara unha impresión fantástica. O intenso movemento rítmico non lles restaba elegancia aos seus movementos. “*Tómbola, tómbola, de luz y de color*”.

As nosas miradas cruzáronse. Ela aceptara o desafío, e unha chispa de simpatía nos seus ollos indicábame que pensaba competir; competir polo divertido que podía resultar, pero, si, competir. Cando eu me agachaba bailando cos xeonllos dobrados, a ela non lle custaba seguirme... e facelo mellor. As nosas miradas volvéronse cruzar, e pareceume ver un sorriso nos seus ollos. “*Y todos en la tómbola, twist-twist-tómbola*”. Nunca oíra a peza antes; en Suecia dominaban Chubby Checker e a influencia norteamericana, pero aquí atopábame nun país con tradición musical de seu, un país que se estaba a encamiñar cara a un desenvolvemento cada vez máis acelerado. A mirada da rapaza e a miña atopáronse de novo. E outra vez, e logo outra vez máis. Os seus ollos combinaban coa cor castaña escura do seu cabelo. Notábase que estaba de acordo co

noso xogo. Leda, pillá e graciosa, facíame pensar nas palabras coas que o poeta sueco Fröding retrataba unha moza na popular canción *Festa na aldea*. Mirámonos. Os dous estábamos a desfrutar co xogo.

Ao día seguinte pola tarde, convidáranme a tomar café na casa de Xulián, preto do faro, onde vive a xente de condicións máis humildes. Despois de tomar unhas galletas de vainilla e unhas pequenas copas de coñac, e dun xeito que para un escandinavo coma min resultaba sorprendente, Xulián fíxome unha pregunta persoal.

—A vostede non lle gusta algunha das mozas de aquí, da illa?

O recordo do baile da noite pasada fíxome sorrir discretamente.

—Pois si.

—Ao mellor, vostede xa se fixou nalgunha.

A muller de Xulián miraba cara ao interior das cunquiñas, concentrándose en repetir un pouco máis de café sen botalo por fóra, xa que era birolla. Desde o lado oposto da mesa, Xulián mirábame con cara inescrutable. A situación parecíame de chanza e chanceeime.

—Gústame a rapaza coa que bailei onte.

—Xoana, a vostede gústalle Xoana.

Así que a rapaza se chamaba Xoana. Xulián sorría, pero a súa mirada seguía inescrutable.

Ao cabo dun cuarto de hora, sabíase en toda a illa que me gustaba Xoana. “Xoana é curmá miña”, dixo unha anciá vestida de negro, á vez que me tocaba o brazo. Os homes reaccionaban con máis sobriedade; “Xoana ten noivo” —informou Fermín, un dos mozos—, “ten moita pasta, moitos cartos. Vive na Pradeira, en terra firme”. Asunto concluído, pensei. Era obvio que unha rapaza tan guapa como Xoana tiña que ter noivo!

Cando tiña dezaioito anos, lín *Illas solitarias*, un libro en que o artista gráfico sueco Roland Svensson relata a loita pola supervivencia de pequenas comunidades no océano ao oeste do arquipélago das Shetland,

ou aínda máis lonxe, no Atlántico norte. A novela *Furia atlántica* de Hammond Innes, que se desenvolve na illa de Santa Kilda, contribuíu á miña fascinación ante tales lugares e tamén me fixo reflexionar sobre unhas palabras: “*Ela é muller celta; non a defraudes!*”.

Os longos cinco quilómetros de terreo onde me atopaba eran unha rocha rodeada de augas atlánticas, unha rocha áspera e escarpada, espida polas rompentes ata os vinte ou trinta metros sobre o nivel do mar. Máis arriba xermolaba o toxo, mesto e espiñento, que cubría a maior parte dos montes. Para se desprazar, unha persoa tiña que seguir algún dos camiños de carros do país e confiar en que os sucros labrados na rocha polas lamias levasen ao lugar desexado. Tamén había algún que outro vieiro, como por exemplo o que bordeaba unha enseada na parte exterior da illa, que discorría perigosamente na grava ao bordo dos cantís. Por esta cara rompía o mar case todos os días do ano. Un illote pegado á beira abría as ondas como se fose o esporón dun acoirazado primitivo.

Cando había temporal, o vento desprazaba unha néboa de espuma e rompente a través da illa ata a parte máis baixa. A zona próxima ao illote chamábase O Prado do Vento e, máis alá, atopábase O Buraco do Inferno, un pozo cuxa boca podería medir catro metros de diámetro. Non se lle vía o fondo, pero si se podía oír como o mar entraba por un túnel moi abaixo, golpeando, rompendo, succionando. Xunto a el, unha cruz de cemento lembraba que un garda-mariña realizando uns exercicios caera ao abismo; o seu corpo nunca foi atopado.

Ao outro lado dun pequeno estreito divisábase outra illa, máis pequena e tamén cuberta de vexetación. Moi preto dela encallara un remolcador da Armada, o *Cíclope*, mentres remolcaba de noite un branco para o tiro. Navegaba a unha distancia prudente da beira, pero o cable de remolque enganouse nun baixo, A Serriña. Sen liberdade de manobra, o barco naufragou. Os sinais da súa sirena oíronse nas casas da illa. “Hai un barco pedindo auxilio!”. Os homes erguéronse da cama e axudáronse os uns aos outros a arrastrar as súas pequenas embarcacións

ata a resaca das ondas. Guións de remos renxían en estrobos e os ollos esforzábanse por escrutar a auga a proa. Remaban cara ao sur, a dirección de onde adoitaba vir o mal tempo, cara á illa pequena que en deshabitada indiferenza se elevaba sobre o escenario dunha traxedia máis.

Nomes doutros barcos como a *María Luísa* e *La Pareja de Marín* rememoraban outros naufraxios, lembraban os maltreitos cadáveres de mariñeiros que o mar abandonara na praia xunto á escola da illa e o triste espectáculo dos familiares que viñan de terra firme para identificalos. A noite fatal do *Cíclope*, as embarcacións dos insulares chegaron a tempo para salvar vidas. As mans xurdían das escuras augas e buscaban desesperadas calquera costado dunha embarcación. “Agarrádevos ao outro costado algúns, se non, a embarcación pode envorcar!”.

Parece que o naturalista romano Plinio se refería a esta illa cando mencionaba a Aonios. O nome consérvase na forma de Ons, e a illa pequena é a Onza.

A pequena embarcación típica de Ons chamábase dorna e era a razón pola que eu me atopaba na illa. Durante a miña travesía a Ons, o carteiro entregoume un telegrama do meu profesor catedrático en antropoloxía alá na universidade sueca de Lund. Cunha concisa mensaxe, aprobaba a miña proposta de tema para a tese: Adiante coas dornas! A dorna ofrecíame material para unha investigación antropolóxica excepcional. As cinco táboas de cada costado da embarcación estaban unidas en calime, coa xunta sobreposta, do mesmo xeito que nas embarcacións escandinavas medievais. Ademais, as dúas táboas xunto á quilla da dorna formaban unha carlinga con sección en V. Dábanlle a mesma configuración ao fondo da dorna que as embarcacións que observara nas illas Feroe. Por que se construía en Galicia unha embarcación con esta obra viva característica?

Se a embarcación das Feroe tiña orixe viquinga, quen sabía se a dorna non? Adiante coas dornas, luz verde do meu director de tese, luz verde para establecer a miña base en Ons.

A palabra “dorna” non facía pensar quizais no antigo vocábulo escandinavo “*norna*”? As nornas eran as mulleres mitolóxicas que os viquingos se imaxinaban sentadas baixo a árbore Yggdrasil dedicándose a ganduxar os destinos dos homes.

Os únicos de fóra que pasaron uns días na illa foi un matrimonio de Madrid, dixo David o taberneiro. Estiveron unha semana. Aceptei a súa oferta de pensión completa por noventa e cinco pesetas ao día.

Mirando desde o faro cara ao norte, vía a luz branca intermitente da próxima illa de Sálvora. Máis alá alertaba de perigo o sector vermello do faro de cabo Corrubedo. Moi lonxe, se un a forzaba, a mirada alcanzaba os fulgores do faro de Fisterra, a fin do mundo. Baixo a Osa Menor, que se presentaba nun ángulo diferente do que se podía ver en Suecia, quizais algunha das ramas do Yggdrasil se estendía sobre min. Ao mellor, algunha que outra norna estaría a ganduxar o fío do meu destino. Abaixo, nas praias de Ons que daban á ría, agardaban as dornas.

Resultábame imposible esquecer os ollos de Xoana, alegres, dispostos ao atrevemento. A actriz Audrey Hepburn fora o meu ideal de muller guapa. Xoana lembrábame a Audrey Hepburn, pero tiña unha chispa, unha presteza, unha réplica latente que eu non asociaba coa famosa artista.

3

A APARICIÓN DUNHA LUZ NA NOITE

As casas de Ons estaban agrupadas en pequenas aldeas. Eran de estilo mariñeiro, baixiñas, anchas e construídas coa pedra natural dispoñible na zona. Só a fachada principal estaba recibada e pintada de cal. Debido ao desnivel do terreo, a parede de atrás dalgunhas casas tiña moi pouca altura. Enriba das distintas tellas do país levantábase unha cheminea ancha con debuxos decorativos en azul, ocre ou almagre. Case todas as casas daban cara ao leste e a boca da pacífica ría. Se un viaxaba a Ons unha mañá clara, as brancas fachadas anunciaban a presenza humana en contraste cos montes da illa, e o sol reflectíase nalgunha vidreira. Ao outro lado dos montes estaba o vasto Atlántico, e nesa dirección as casas agachábanse.

Suspendido por delgados paus, cruzaba os terreos o tendido eléctrico que subministraba corrente unhas tres horas pola noite. Pero o grupo electrógeno quedara sen abastecemento de gasóleo máis ou menos ao mesmo tempo que eu chegara a Ons.

“Oh, fillos destes últimos tempos!”, di a premio Nobel sueca de Literatura Selma Lagerlöf, en máis dun dos seus relatos, “Que pouco sabedes do medo que nacía e medraba na penumbra e na escuridade!”.

Na sobria luz da media mañá, e mellor na taberna, non había inconveniente para comentar sinais e aparicións. Como o caso da filla da señora Serafina e de Perfecto, por exemplo, que era unha rapaza guapa, encarnada e branca. Fora recoller broza e, despois, buscar barro; lavouse na casa e díxolle a súa nai que se atopaba mal. O pai non estaba na illa, senón en terra firme, porque facía mal tempo.